



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE DECEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00057352W.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróanse as actas correspondentes ás seguintes sesións extraordinarias e urxentes:

- De data 23 de novembro de 2021.
- De data 24 de novembro de 2021.

2. XESTIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS. Referencia: 2021/00038840M.

Licenza de obra nova para edificio de oficinas e estacionamento da sede central de COGAMI na RUA VICENTE RISCO.

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER a COGAMI, licenza de obra nova para edificio de oficinas e estacionamento da sede central de COGAMI na RUA VICENTE RISCO, parcela EQleste do Plan de sectorización do SUNP-4 das Cancelas, segundo Proxecto básico e de execución co visado do COAG de data 02/11/2021, cun orzamento de execución material de 2.514.067,54 euros.

As actuacións consistirán na construción de edificación de cinco plantas (B+2+ss+s), cunha superficie construída total de 3.792,22 m² (superficie útil de 3.379,41 m²), ocupación de 1.081 m² e altura máxima de 12 metros destinado a sede central de COGAMI.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 4 de equipamentos do Plan de sectorización do SUNP-4 das Cancelas.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00017514T.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 04/10/2021, cun orzamento de execución material de 51.385,61 €, rehabilitación de vivenda unifamiliar na Rúa de GUADALUPE). Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00017337F.

Aceptar cesion de viario e licenza obra maior.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 23/09/2021, o número de protocolo dous mil seiscientos vinte e un. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 06/08/2021 e a documentación presentada o 14 e 28/09/2021, cun orzamento de execución material de 92.535,00 € a construción de vivenda unifamiliar no Lg Frenza. Santa Cristina de Fecha Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00001167D.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Primeiro.-Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 03/07/2021 solicitada para rehabilitación de vivenda familiar situada na Rúa do Campo de Santo Antonio, Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Modificado 1 do Proxecto básico (de data 24/02/2021), os planos modificados AR-104', AR-304' e AR- 309' de data 05/04/2021 e o proxecto de execución de data de visado do 21/04/2021, cun orzamento de execución material de 100.000,00 €, a rehabilitación de vivenda familiar situada na Rúa do Campo de Santo Antonio. Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00025598B.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 30/09/2021 e o Anexo presentado na data 03/11/2021, cun orzamento de execución material de 2.800,34 €, a desmontaxe e reposición de muro de contención de cachotería de pedra na parcela situada na Rúa Belvís, 12 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1828/2015.

Estimar Recurso de Reposición e conceder licenza de obras

Acórdase:

Primeiro: Estimar o recurso de reposición contra o acordo de denegación de licenza de obras da Xunta de Goberno Local de data 11/10/2021.

Segundo: Conceder licenza de obras de reforma de edificación para hotel 1 estrela en RUA MAZARELOS (DE), consonte Proxecto básico e Proxectos básicos e de execución co visado do COAG de data 29/09/2020 e 16/06/2021, cun orzamento de execución material de 175.000 euros.

As actuacións consistirán en obras de reforma de edificación de cinco planta para uso de hotel (9 habitacións), cunha ocupación en planta de 95 m², superficie construída total de 425,50 m² (312,68 m² útiles) e altura de 14,90 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza do recinto intramuros do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica.

8. PLANEAMENTO. Referencia: PLA/11/2017.

Nova exposición pública do Plan parcial de ordenación do solo urbanizable non delimitado número 8 (SUND-8). Monte Vidán.

Acórdase, en cumprimento do esixido polos artigos 75.1.c) da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 186.1.c) do seu Regulamento,

Primeiro. Aprobar provisionalmente o documento reformado do Plan parcial de ordenación do SUND-8 (Monte Vidán), presentado por SANTIAGO SUR GALICIA S.L. o 13 de decembro de 2021, no que se incorporan as seguintes modificacións sobre o que fora inicialmente aprobado o 21 de outubro de 2019:

1ª Inclúese no Catálogo do Plan parcial o antigo transformador modernista existente na confluencia das rúas de Vidán e Mestra Vitoria Míguez, co nivel de protección ambiental.

2ª De conformidade co regulado no artigo 12.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, no plano de ordenación P ORD 08 figura delimitado o 45 da mesma lei.

3ª Defínese na normativa (7.4) o réxime urbanístico aplicable aos terreos excluídos da área de reparto (números 3 e 15 da rúa de Vidán), que quedan coa categorización de solo urbano consolidado e suxeitos á ordenanza 5 do PXOM, coas limitacións derivadas da protección do ben catalogado.

4ª A reserva obrigatoria de vivenda protexida, cunha superficie edificable de 938,32 m²c, emprázase na parcela R2.

5ª Incorpóranse o Estudo de sostibilidade económica e a Memoria de viabilidade.

6ª Reflictese na normativa (7.1) o deber dos propietarios de constituírse en Entidade Urbanística de Conservación, durante o prazo de quince anos, a contar dende a recepción completa da urbanización do polígono.

Segundo. Abrir un novo trámite de información pública sobre as Modificacións propostas, durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Simultaneamente practicarase citación persoal a todos os propietarios dos terreos afectados que figuren no Catastro, e, de ser o caso, publicarase edicto no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, practicarase notificación á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

9. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: Inf 9 Acuntia.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por Acuntia S.A. en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago correspondente ao mes de outubro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 4.382,27 € segundo a factura F/2021/5322 que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao mes de outubro de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. EDUCACIÓN. Referencia: S/2021/257 EIM SETEMBRO.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Servicios y Materiales, S.A. (SERMASA), en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondentes ao mes de setembro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SESENTA E CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (65.787,79 €), segundo a relación contable S/2021/257 que comeza pola número F/2021/4632 por importe de 33.389,52 euros e finaliza pola número F/2021/4634 por importe de 32.398,27 euros, en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondente ao mes de setembro de 2021, e que se achega no expediente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Boisaca.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” da cantidade de 7.078,50 euros pola realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca dende o 13 ao 30 de setembro de 2021, e 880,96 euros polo traslado de restos á foxa común.

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca dende o 13 ao 30 de setembro, por importe de 7.078,50 euros, e polo traslado de restos cadavéricos á foxa común, por importe de 880,96 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de sete mil novecentos cincuenta e nove euros con cuarenta e seis céntimos (7.959,46) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose 7.078,50 euros á aplicación orzamentaria 2021/020/16400/2270000, e 880,96 euros á aplicación 2021/020/16400/2279900 do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

12. DEPORTES. Referencia: 3480/2020/factura.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2021/1634 emitida por AGRONERGA SL en concepto de servizo de de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionella nas instalacións deportivas municipais correspondente ao período entre o 12 de decembro de 2020 e o 11 de marzo de 2021.

Acórdase:

- 1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionella nas instalacións deportivas municipais correspondente ao período entre o 12 de decembro de 2020 e o 11 de marzo de 2021.
- 2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL CATROCENTROS SETENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.475,49 €) segundo a factura F/2021/1634 a favor da empresa AGRONERGA SL, imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2270000 do orzamento vixente.
- 3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

13. DEPORTES. Referencia: 3492/2021/factura.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2021/4106 emitida por AGRONERGA SL en concepto de servizo de de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionella nas instalacións deportivas municipais correspondente ao período entre o 12 de marzo ao 11 de xullo de 2021.

Acórdase:

- 1.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionella nas instalacións deportivas municipais correspondente ao período entre o 12 de marzo e o 11 de xullo de 2021.
- 2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL NOVECIENTOS SESENTA E SETE CON TRINTA E UN EUROS (5.967,31 €) segundo a factura F/2021/4106 a favor da empresa AGRONERGA SL, imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2270000 do orzamento vixente.

3.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación relación contable facturas S/2021/239. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por “Neumáticos Pájaro, S.L.” en concepto de subministración de pneumáticos para o parque móbil do concello de Santiago de Compostela correspondentes ao mes de agosto de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (557,34 €) segundo relación contable de facturas S/2021/239 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/4180 por importe de 110,11 €, e remata pola número F/2021/4250 por importe de 447,23 €, emitidas pola empresa “Neumáticos Pájaro, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación factura F/2021/4370.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de material de recambios para o parque móbil do concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de agosto de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROES CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (1.540,73€) segundo factura F/2021/4370 que se achega no expediente, emitida pola empresa Recambios Santiagueses, S.L. en concepto de material de recambios para o Parque Móbil do concello correspondente ao mes de agosto de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación relación contable de facturas S/2021/248.

Validación omisión función interventora, relación contable S/2021/248.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL VINTE E CINCO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (4.025,19 €) segundo relación contable de facturas S/2021/248 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/4606 por importe de 810,03 euros emitida pola empresa ASCENSORES ENOR, S.L. e remata pola número F/2021/5346 por importe de 48,40 euros emitida por SCHINDLER, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación relación contable de facturas S/2021/236. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre maio a setembro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETECENTOS SETENTA E DOS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (772,96 €) segundo relación contable de facturas S/2021/236 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/4274 por importe de 19,14 euros, expedida por COMERCIALIZADORA REGULADA, GA & POWER, S.A. e remata pola núm. F/2021/4736 por importe de 462,55 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación relación contable de facturas S/2021/241. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias en varios departamentos municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de febreiro e outubro do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL SETECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (5.737,07 €) segundo relación contable de facturas S/2021/241 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/1433 por importe de 120,56 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA SLU), e remata pola número F/2021/5436 por importe de 7,18 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L. (ANTES NEA F3 IBERICA SLU).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación relación contable de facturas S/2021/247. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Sistemas de Seguridade A-1, S.L. en concepto de servizos de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de abril e outubro do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL NOVECIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (6,985,93 €) segundo relación contable de facturas S/2021/247 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2021/3490 por importe de 79,79 euros, e remata pola factura número F/2021/5243 por importe de 54,91 euros, todas elas expedidas pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación relación contable de facturas S/2021/249. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre maio a setembro de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL CENTO QUINCE EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (4.115,61 €) segundo relación contable de facturas S/2021/249 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/4272 por importe de 416,29 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A e remata pola núm. F/2021/5259 por importe de 1.335,00 euros, expedida por LOS ÁNGELES GAS, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042272X.

Declarar deserta a licitación para a contratación de “Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 (Deputación Provincial da Coruña) ” CON/54/2021.

Acórdase declarar deserta a licitación para a contratación de “Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 (Deputación Provincial da Coruña) ” CON/54/2021, ao non terse presentado ningunha oferta.

22. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00026110V.

Adxudicación do contrato de execución das obras de “Estabilización de noiro e acondicionamento e mellora no vial na rúa do Bidueiro (Vidán)” a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa a mellor oferta, o contrato de execución das obras de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora no vial na rúa do Bidueiro (Vidán) a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, que:

- Oferta un prezo de **153.328,60 euros**, IVE engadido (base imponible de 126.717,85 euros máis 21% IVE de 26.610,75 euros).

- Compromete:

- Unha ampliación do prazo de garantía por un período de 5 anos, sobre o mínimo establecido no prego.

- Un aumento do orzamento de control de calidade dun 2% sobre o 1% obrigatorio.

- Un aumento do orzamento do programa de actuación ambiental dun 2% sobre o proxectado.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 153.328,60 euros para financiar este contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 040 15340 6190000 (Código de proxecto: 2021 2 OBRAS 21).

23. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022542Z.

Recepción das obras de “Execución do proxecto de Rexeneración do pavimento da calzada da Avda. de Asturias”.

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto de Rexeneración do pavimento da calzada da Avda. de Asturias”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 13-12-2021, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

24. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056972J.

Propuesta de preaviso de prórroga del contrato basado en el acuerdo marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión a través de la central de contratación de la FEMP conforme a lo previsto en el artículo 29.2 DE LA LCSP y solicitud de revision de precios (CLÁUSULAS 16.3 Y 21.2 DEL PCA).

Acórdase comunicar á empresa ENDESA ENERXIA SAU, a vontade do Concello de Santiago de prorrogar do contrato baseado no acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da central de contratación da FEMP conforme ao previsto no artigo 29.2 da LCSP e solicitude de revision de prezos (cláusulas 16.3 e 21.2 do PCAP)

25. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00035201T.

Aprobación da xustificación do convenio coa asociación Médicos del Mundo ano 2021, por valor de dez mil euros -10.000,00€-.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación do convenio coa asociación Médicos del Mundo, por valor de dez mil euros -10.000,00€-, con cargo á aplicación 020 23103 4800004 para o ano 2021.

Segundo. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

26. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021147E.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER) ano 2021, pola contía de CATRO MIL EUROS (4.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800006/2021 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER) ano 2021, pola contía de CATRO MIL EUROS (4.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800006/2021 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

27. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00020510Y.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 28 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ESCOLA DE TEMPO LIBRE E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DON BOSCO ano 2021, pola contía de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 480000162021 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 28 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ESCOLA DE TEMPO LIBRE E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DON BOSCO ano 2021, pola contía de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 480000162021 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021129G.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 26 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL (ASPAS) para o ano 2021, pola contía de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800007 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 26 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL (ASPAS) para o ano 2021, pola contía de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800007 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

29. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00038625C.

Aprobación da xustificación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Área Empresarial do Tambre de Santiago para o ano 2021.

Acórdase:

1. Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre a Asociación Área Empresarial do Tambre e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021 por valor de 50.000,00€ con cargo á aplicación 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2021.
2. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.
3. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2021.

30. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/00046434D.

Aprobación xustificación de gastos do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela-Programa Universitario de Maiores IV Ciclo. Ano 2021.

Apróbase a conta xustificativa de gastos do Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela – Programa Universitario de Maiores IV Ciclo, con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 4890002. O importe da subvención é de 1.000 euros.

31. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/00054051J.

Aprobación das obrigas derivadas do veredicto do xurado na XIII Edición dos Premios Educacompostela de recursos educativos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica.

Acórdase:

1.- Aprobar o recoñecemento das obrigas derivadas do veredicto do xurado da XIII edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago coa colaboración pedagóxica de Nova Escola Galega, que ten os seguintes premios e beneficiarios/as:

PRIMEIRO PREMIO: Traballo titulado “Maleta de emerxencias pedagóxicas: Materiais didácticos en aulas hospitalarias”, presentado por Yésica Teijeiro Bóo, Jesús Rodríguez Rodríguez, Tania Caamaño Liñares, Antía Cores Torres, Ana Rodríguez Groba (da Facultade de Ciencias da Educación da USC); María Pilar Porta Rodríguez (mestra da Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF) e María Elena Sobrino Fernández (mestra da Aula Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).; Importe:1.200,00 euros. (6,66%= 80,00 euros -para as cinco participantes de Ciencias da Educación da USC- e un 33,33%= 400,00 euros para as outras dúas participantes; dacordo coa declaración presentada e asinada por todas elas e tal e como consta na documentación xustificativa que se incorpora ao expediente.

SEGUNDO PREMIO: Traballo titulado “Sementar diálogos” presentado por María del Mar Santiago Arca; Importe: 900,00 euros.

TERCEIRO PREMIO: Traballo titulado “Afonso reporteiros” presentado por María Isabel González Piñeiro; Importe: 600,00 euros.

2.- Imputar os gastos derivados desta convocatoria á partida económica 080 32600 4890100 dos orzamentos do ano 2021.

3.- O premio está suxeito á retención fiscal do 19%, segundo o disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto da renda das persoas físicas.

32. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00057378M.

Traspaso da caseta da praza de abastos número NC143.

Acórdase:

1. Autorizar o traspaso da caseta da praza de abastos número NC143. O prezo do traspaso é de 6010,12 e a empresa xestora percibirá a cantidade de 3.005,06 euros. A caseta dedicarase á venda de charcutería.

2. A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme as disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00057369L.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da providencia recaída no recurso de casación 5823/2021 do procedemento PO 298/2018 CA2.

Dase conta da providencia.

Obxecto: requirimento de regularización para autorización de tránsito á canteira de Miramontes.

A providencia é favorable para o Concello, e non é susceptible de recurso. Implica que non van poder pasar os camiões de máis de 5,5 toneladas.

Por Providencia do 25.11.2021 –notificada á Asesoría Xurídica por fax o 16.12, ás 10.54- a Sección Primeira da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo acorda a non admisión a trámite do recurso de casación por falta de fundamentación suficiente e carencia de interese casacional obxectivo, contra a Sentenza 261/2021, ditada pola sala do Contencioso do TSX de Galicia no procedemento AP 4035/2021, pola que foi desestimado o recurso contra a Sentenza 188/2020, do Xulgado do CA nº 2 de Santiago de Compostela, ditada no PO 298/2018, pola que foi desestimado o recurso contra o Decreto da Concellaría de Medio Ambiente, do 12.07.2018, polo que foi desestimado o recurso de reposición contra a resolución da mesma Concellaría, do 24.04.2018, pola que se requiriu ás interesadas para que procedesen a regularizar a súa situación xurídica, solicitando a correspondente autorización de paso de camiões de gran tonelaxe, pola estrada que conduce ao Complexo medioambiental, sito en Miramontes, Grixoa.

Consecuencia da non admisión do recurso de casación é a adquisición de firmeza da Sentenza 261/2021, sobre a cuestión principal e favorable aos intereses do Concello de Santiago de Compostela; acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.

2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento e trámites que procedan.

3. Ordenar á Asesoría Xurídica a desistencia do recurso de casación anunciado contra a Sentenza 200/2020, ditada na AP 4059/2020.

4. Ordenar á Asesoría Xurídica a desistencia da execución provisional EJP 019/2021, no Xulgado do CA nº 2 de Santiago de Compostela.

34. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00057352W.

Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 10 a 16 de decembro de 2021.

URXENCIAS

35. Dación de conta á Xunta de Goberno Local do auto recaído na execución do procedemento de Maior Contía 222/1990.

Dase conta do auto de 20/11/2021 polo que se cancela a inscrición rexistral a favor do Concello sobre a igrexa, capela do Rosario e cemiterio de San Domingos de Bonaval. Este auto dítase en execución da sentenza do ano 2000 que declarou que aqueles bens eran propiedade do Arcebispado. Aínda que poida parecer que a o auto é prexudicial para o Concello, o certo é que o beneficia, pois facilita o cumprimento da sentenza ao permitir que o Arcebispado rexistre os bens ao seu nome sen necesidade de que o Concello tramite unha segregación (moi complicada desde o punto de vista xurídico).

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir á Área de Urbanismo para os efectos oportunos.

36. Dación de conta á Xunta de Goberno Local do auto recaído no Procedemento Ordinario 104/2021 CA1.

Dase conta do auto de 24/11/2011 polo que se rexeita a petición para declarar terminado o procedemento PO 104/2021 ao entender que a súa actividade (canteira de Santasmarinas) fora legalizada coa comunicación previa que presentara no seu momento. O Xulgado considera que a actividade non foi legalizada e por iso entende que o procedementode restauración da canteira debe continuar. A do Xulgado é a tese do Concello, que sempre mantivo que a presentación da comunicación previa non implicaba por si mesmo a legalización da actividade.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo para os efectos oportunos.

37. Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 303/2021 CA2.

Dase conta da sentenza ditada no PA 303/2021, que estima unha reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 330,59 euros (danos na roda dun coche).A sentenza é firme.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Vicesecretaría para os efectos da súa execución.